

MATEMÁTICAS NA RÚA

FERNÁNDEZ FONTENLA, IRIA

IES San Mamede (Maceda)

TOMBO NESPEREIRA, JORGE

IES Xermán Ancochea Quevedo (A Pobra de Trives)

OCAMPO SANMAMED, ANA MARÍA

CPIA Cañiza

A actividade de Matemáticas na Rúa vén promovida dende a Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas (FESPM) como unha actividade lúdica que pretende achegar as matemáticas e a súa beleza ao público en xeral, dando un carácter dinámico con contidos matemáticos variados fóra do ámbito escolar.

Non se trata de ensinar as matemáticas convencionais, trátase de popularizalas dun xeito atractivo con actividades axeitadas a cada idade e situación (nenos, pais, avós, alumnos ou calquera outra persoa que pase pola rúa). Usando materiais como poden ser cadrados máxicos, tangram, construcións xeométricas, mosaicos ou papiroflexia, traballaremos o pensamento lóxico, razoamentos ou contidos que non contempla o currículo (como poden ser os fractais), así como demostracións visuais con material manipulativo, sempre dunha forma divertida e diferente ó que se ve nos libros de texto. É bo contemplar as matemáticas que se agochan detrás dos xogos e extraer o que podemos aprender con eles, así como fomentar esa curiosidade de superar retos e enigmas que nos xera tanta satisfacción e ás veces non valoramos o suficiente.

A idea para anos vindeiros é organizar esta actividade en diferentes vilas e cidades de Galicia, se é posible respectando a data que marque a FESPM a nivel nacional, e con esta comunicación pretendemos expoñer un pouco máis en que consiste, comentar outros lugares nos que se leva a cabo e citar uns aspectos básicos e pautas que se deberían ter en conta para organizar algo similar.

Intentaremos animar aos presentes a participar activamente, ben sexa como organizadores ou simplemente implicando ó alumnado. Podemos catalogala como unha forma de divulgación amena e divertida, un intercambio de experiencias enriquecedor ou unha xornada de convivencia baseada nas matemáticas da que un se sente satisfeito.



Figura 1. Exemplo de actividades: anamorfose e papiroflexia

Matemáticas na rúa en Ourense

O día 7 de abril deste ano, un grupo de profesores de matemáticas de toda Galicia atrevémonos a levar a cabo esta actividade na Praza Maior de Ourense, malia ó mal tempo que se anunciaba. A idea era facer a actividade ó mesmo tempo en diversos puntos do territorio nacional pero tan só Madrid ía levala a cabo esa data. Unha vez anunciado o temporal, en Madrid decidiron aprazala pero en Ourense xa non había volta para atrás porque se tiña concedido o permiso do concello para ese día determinado, estaba pagado un seguro privado de responsabilidade civil e reservada esa fin de semana para levar a cabo a actividade. Podemos dicir que foi un éxito de participación dadas as condicións meteorolóxicas, e esperamos repetir no vindeiro ano 2020. Dende aquí queremos dar as grazas a todos os que o fixeron posible, ós compañeiros da asociación AGAPEMA e a todo o público presente.

Teremos o tempo xusto de presentarvos fotografías tomadas ese día e algúns dos materiais que utilizamos en Ourense co obxectivo de comentar outros usos e ideas diferentes, destacando a capacidade divulgativa dos mesmos. Todas as actividades son aplicables á aula e gustaríanos compartir opinións e aspectos a mellorar, así como intercambiar outras experiencias similares.



Figura 2. Durante a actividade en Ourense